

Índice

Limiar	2
Contextualización	3
Estudo sociolingüístico.....	4
1. Contorno sociolingüístico de centro.....	4
2. Situación do profesorado.....	4
3. Situación do alumnado.....	5
4. Situación lingüística do centro.....	6
Descrición de obxectivos adecuados a cada un dos catro sectores mencionados no estudo sociolingüístico de centro.....	8
Descrición detallada das actividades de dinamización lingüística seleccionadas para acadar os obxectivos de cada un dos catro sectores mencionados no estudo sociolingüístico de centro.....	10
Cadro resumo de actividades e compromiso de desenvolvemento das mesmas.....	19
Conclusiones	30

Limiar

No momento de achegarnos a este proxecto a nosa intención foi deseñar unha serie de actividades que contribúan a fomentar o “coñecemento” e a “protección” da nosa lingua, como parte fundamental do noso Patrimonio Cultural, co convencemento de que unha correcta valoración é o mellor aval para a súa defensa.

Nesta época de constantes cambios onde a globalización nos fai cada vez máis semellantes resulta evidente a necesidade da conservación e revalorización dos valores culturais propios. Por todo isto cremos que son necesarias actividades que fortalezan as identidades locais, e polo tanto a nosa lingua, o que ademais, sen dúbida, redundará nun maior recoñecemento e adaptación da diversidade cultural.

Alén disto, queremos descubrir a esencia da identidade cultural da nosa comarca, o que nos pode servir de fiestra aberta cara o noso futuro. Noutro punto, preservar a identidade e o patrimonio cultural redunda positivamente na nosa conciencia de cidadáns, contribuindo a comprendernos e a respectarnos como persoas; a nós e aos demais.

Tomando como base o anteriormente exposto deseñouse este proxecto, onde o principal protagonista será o alumnado, creando un espazo onde poidan acadar unha adecuada competencia lingüística e poñerse en contacto co seu patrimonio cultural dun xeito lúdico e ameno, con actividades de calidade baseadas nunha concepción ampla da educación, onde o fundamental é a compenetración co tecido social e co contorno.

Contextualización

O noso centro está situado no concello de Bóveda. Nel impártense as etapas educativas de Ed. Primaria (39 alumnos/as) e Ed. Infantil (16 alumnos/as). O persoal docente está composto por *dez mestras*: delas, catro imparten Ed. Primaria, unha Ed. Infantil, outra Ed. Infantil e Primaria e o resto son especialistas; de Lingua Estranxeira, Ed. Física, Pedagogía Terapeutica e Relixión. Tamén contamos cun Orientador adscrito ao noso centro.

En canto ao *Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística* sinalar que está composto polas titoras de cada un dos ciclos de Ed. Primaria, a titora de Ed. Infantil, coordinadas pola especialista de Lingua Estranxeira. O persoal non docente está composto por dúas cociñeiras.

O concello de *Bóveda* atópase no sur da provincia de Lugo, na comarca de Lemos. Conta cunha configuración dual: o sector suroeste ten grandes chairas bañadas polo río Mao e o resto da superficie é máis montañosa, aínda que, sen alcanzar grandes alturas (o punto máis alto é a Serra de O Couso, con 689 m de altitude). É un dos concellos de menor extensión da provincia. A súa poboación adícase maioritariamente a actividades relacionadas coa construción e co sector servizos. En canto ó sector primario, céntrase principalmente en explotacións de gando bovino.

O rexistro lingüístico da súa poboación é maioritariamente o idioma galego. O mesmo sucede no noso centro; tanto alumnado como profesorado empregan como lingua vehicular o noso idioma. Isto non quere dicir que non sexa necesario traballar polo seu fortalecemento. Cremos que son necesarias actuacións que contribúan a fortalecer o seu coñecemento e valoración como parte da nosa cultura, sen esquecer acadar unha adecuada competencia lingüística.

Estudo sociolingüístico

1. CONTORNO SOCIOLINGÜÍSTICO DE CENTRO

O centro está emprazado no medio rural e a presenza da lingua galega no contexto físico e social é permanente. Así, a lingua habitual tanto de comunicación como a empregada nas interaccións comunitarias da nosa poboación é maioritariamente a lingua galega, habendo só unha porcentaxe mínima que emprega o castelán (inmigrantes ou xente doutras comunidades autónomas).

Con referencia ás institucións dicir que tanto a lingua empregada polo Concello entre o funcionariado e cos cidadáns adoita ser o galego, así como a empregada polas entidades asociativas do contorno. Con todos estes datos podemos concluír que o contexto sociolingüístico de Bóveda é de claro predominio da lingua galega.

2. SITUACIÓN DO PROFESORADO

O CEIP “Rosalía de Castro” de Bóveda conta cun número de dez profesoras dos que seis son definitivos:

Educación Infantil:	1	Educación Física:	1
Educación Primaria:	4	Pedagogía Terapéutica:	1
Lingua Inglesa:	1	Profesora de relixión	1 (compartida con Sober e Currelos)
Educación Musical:	1	Orientador adscrito ao noso centro.	

Na lingua habitual que o profesorado emprega nos ámbitos non docentes hai un claro predominio do galego. Neste caso só tres profesores/-as utilizan o castelán na súa vida cotiá aínda que sempre empregando o galego nas súas relacións interpersonais con galego-falantes. A totalidade do profesorado ten a competencia necesaria para desenvolverse con fluidez na docencia en galego tratando de contribuír a que o alumnado consolide a súa competencia e uso do galego como lingua normal de comunicación no Centro e libre de prexuízos.

3. SITUACIÓN DO ALUMNADO

O CEIP conta cun total de 55 alumnos/-as e o cadro lingüístico distribúese como segue:

	Galego	Castelán	Outros
Educación Infantil			
(14 alumnos/-as)			
3 anos	5	1*	
4 anos	7	1*	
5 anos	1	1*	
Primeiro Ciclo			
(11 alumnos/-as)			
1º nivel	10		
2º nivel	1	1	
Segundo ciclo			
(8 alumnos/-as)			
1º nivel	2	1	

2º nivel 5

Terceiro ciclo

(19 alumnos/-as)

1º nivel 7 1

2º nivel 11

**Trátase de casos que teñen como L1 o castelán por ser alumnas de outras comunidades*

En liñas xerais obsérvase que a lingua empregada espontaneamente polo alumnado é maioritariamente o galego, que usan en tódolos ámbitos da súa vida: familiar, social e escolar. Nos outros casos dicir que no caso dos nenos/-as que teñen como L1 o castelán obsérvase que nas súas relacións sociais no colexio, nos xogos cos compañeiros e para dirixirse aos mestres hai unha progresión de cara ao emprego do galego con maior ou menor grao de interferencias dependendo da súa idade.

En xeral obsérvase no alumnado do noso centro unha actitude altamente positiva de cara a aprendizaxe do galego e á súa valoración como lingua de comunicación, sobre todo oral.

4. SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO

A presenza do galego na vida do Centro é permanente creando unha atmosfera estimulante de cara á utilización da lingua galega. Así, a presenza do galego é plena na documentación administrativa, no rotulado do centro e en tódalas notas informativas e comunicacións orais e escritas coas familias e institucións.

O persoal non docente que forma parte da Comunidade Escolar é, así mesmo, usuario da lingua galega en todos os contextos e situacións. Os demais membros da Comunidade Educativa, como a ANPA, son tamén usuarios da lingua galega en todas as súas comunicacións. O Concello, como institución pública e membro da Comunidade Educativa a través do Consello Escolar, colabora igualmente no fomento do idioma. Mostra disto son as distintas actividades que oferta ao centro e nas que está presente o galego.

Segundo o decreto 124/2007, o artigo 7 recolle que na Educación Infantil, o profesorado usará na aula a lingua materna predominante entre o alumnado. Así, neste Centro a lingua materna predominante é o galego tendo en conta para isto os datos da observación directa do alumnado e enquisas dirixidas ás familias, persoal non docente e institucións. Foméntase, pois, a adquisición progresiva da lectura e escritura en galego converténdoo en idioma base de aprendizaxe.

Con relación ao establecido no artigo 8 do Decreto onde se recolle que se impartirán obrigatoriamente as áreas de Matemáticas, Coñecemento do medio natural, social e cultural e Educación para a cidadanía e dereitos humanos, salienta que neste Centro vaise máis alá dos mínimos sinalados e o uso do galego faise extensible a áreas como Educación musical e Lingua inglesa.

Descrición de **obxectivos** adecuados a cada un dos catro sectores mencionados no estudo sociolingüístico de centro:

1. Contorno sociolingüístico do centro:

- Potenciar o uso da lingua galega por parte da comunidade escolar.
- Coñecer, valorar e divulgar diferentes aspectos do noso patrimonio cultural.

2.Situación do profesorado:

- Ofrecer unha educación de calidade para que o alumnado acade unha adecuada competencia lingüística.
- Propiciar o uso da biblioteca escolar como centro de recursos de información, lectura, aprendizaxe e divertimento empregando como lingua vehicular o idioma galego.
- Integrar as TIC no tratamento dos contidos curriculares e das actividades escolares empregando como lingua vehicular a nosa lingua.

3. Situación do alumnado:

- Aprender a participar na creación dunha cultura propia.
- Fomentar a participación, a autoestima persoal e a identidade local.
- Aprender a respectar e valorar as relacións co medio a través do desenvolvemento dun espírito crítico.

4- Situación lingüística do centro:

- Identificar e valorar a lingua galega como parte do noso patrimonio cultural.
- Continuar realizando as diferentes comunicacións do centro en lingua galega.

Descrición detallada das actividades de dinamización lingüística seleccionadas para acadar os obxectivos de cada un dos catro sectores mencionados no estudo sociolingüístico de centro:

1. Contorno sociolingüístico do centro:

Obxectivos:

- Potenciar o uso da lingua galega por parte da comunidade escolar.
- Coñecer, valorar e divulgar diferentes aspectos do noso patrimonio cultural.

Actividades:

“Contos no contorno”: Sesión semanal de Animación á Lectura que partirá de contos tradicionais adaptados ás diferentes parroquias do concello e dos lugares de procedencia do alumnado estranxeiro. A especialista de Ed. Física, traballará psicomotricidade a partir destes contos con músicas tradicionais. Libro autoeditado. Memoria dixital.

“Xogamos todos xuntos”: Recopilación e elaboración de xogos populares da comarca e dos lugares de procedencia do alumnado estranxeiro Posta en práctica no tempo de lecer e representación no patio do colexio. Demostración da Asoc. Brinqueira. Memoria dixital.

Proxecto interdisciplinar; “Gústame de onde son”: Recompilación do patrimonio inmaterial (usos, costumes, toponimia, crenzas, mitos, fotografías, gastronomía...) e material das xeracións vivas da comarca. Tamén traballaremos aspectos da cultura dos lugares de procedencia do alumnado estranxeiro. Exposición oral de algúns familiares sobre as súas formas de vida. A partir dela realizaránse obradoiros de cociña, oficios tradicionais... e unha exposición que mostre os aspectos traballados. Terá lugar no Centro Sociocultural do Concello. Libro autoeditado. Memoria dixital.

“Contos de onte para escoitar hoxe e contar mañá”: Os máis pequenos solicitarán a colaboración dos maiores para recopiar: lendas, contos, adiviñas...que serán expostas oralmente, por eles e por algún familiar. Quedarán plasmadas nun libro autoeditado que pasará a formar parte da biblioteca do centro. Memoria dixital.

Proxecto interdisciplinar;“Do ferrado e da fanega ao m, e da ola ao litro”: Partiremos das medidas tradicionais da comarca para despois achegarnos ao sistema métrico internacional. A aportación das familias será fundamental; traerán experiencia e elementos de medida. Presentación power point. Materiais Java-clic. Memoria dixital.

Proxecto interdisciplinar;“ Coñecemos o noso contorno”: Recompilación de diferentes elementos do patrimonio material da nosa comarca. Tras a súa descrición realizaremos unha reportaxe fotográfica que despois será exposta no centro e na Casa da Cultura do Concello.

2. Situación do alumnado:

Obxectivos

- Aprender a participar na creación dunha cultura propia.
- Fomentar a participación, a autoestima persoal e a identidade local.

- Aprender a respectar e valorar as relacións co medio a través do desenvolvemento dun espírito crítico.

Actividades

“E ti que prefires?”: A partir desta experiencia queremos achegar a todos as vantaxes que representa para a nosa saúde a adquisición duns correctos hábitos alimentarios. Traballaremos dentro das áreas de Coñecemento do Medio e de Ed. Plástica e como remate realizaremos unha exposición fotográfica que formará parte da decoración do comedor. Libro autoeditado e presentación Power Point.

“Un avó moi especial”: A través dunha historia amena e divertida achegaremos a realidade desta enfermidade co obxectivo de axudar a comprender situacións que moitas familias poden vivir no seu contorno, perseguindo fomentar actitudes optimistas, para afrontar os problemas da doenza e mostrar a importancia dos nenos/as para que os seus maiores vivan momentos felices. Libro autoeditado.

Obradoiro lector matemático: Na biblioteca do centro no tempo de lecer levaráanse a cabo obradoiros nos que achegarnos aos contidos matemáticos dun xeito lúdico (papiroflexia, mosaicos...) e elaborados no propio obradoiro.

“Deseña a nosa mascota”: O alumnado deseñará unha mascota para representar a biblioteca do centro. Realizarase unha exposición cos deseños e despois elixirase a que se representará.

“A ciencia: importante e divertida”: Durante a semana da ciencia realizaremos tres grupos de traballo (un por cada ciclo) que rematará coa elaboración de tres exposicións: Mulleres Científicas, Arte e Matemáticas, Ciencia e Saúde.
Presentación power point.

Obradoiros científicos: No tempo de lecer obradoiros científicos, nos que o alumnado experimente por si mesmo diferentes curiosidades científicas.

Sección Bilingüe Galego/inglés A cabaza:dende o Halloween ao Samaín:

- Obradoiro de baleirado de cabazas.
- Recollida e exposición de traballos sobre lendas, tradicións e supersticións desta data que evidencien a afinidade entre as culturas galega e británica.
- Obradoiro de máscaras e disfraces relacionados coa festa.
- Escenificación de costumes e usos propios do Halloween.
- Presentación en Power point do traballado.
- Uso e realización de actividades en Java clic.

Sección Bilingüe Galego/inglés ...Hai moito tempo: Busca dunha lenda da zona que teña o seu equivalente na cultura británica. Escenificación ou, segundo a dificultade. A presentación farase en Power Point.

Sección Bilingüe Galego/inglés Jack the Green e os Maios: Actividade que incluirá: obradoiro de coroas e colares feitos con flores.

Memorización de cantigas sobre os Maios. Representación do equivalente británico ao maio galego. Presentación en Power - point do material gráfico recollido.

“As nosas letras”: Actividades encamiñadas ao coñecemento da figura de Ramón Piñeiro.

Elaboración de distintos traballos por niveis sobre o escritor:

- Exposición de traballos e murais sobre a obra de Ramón Piñeiro.
- Presentación en Power point con algún destes traballos sobre a biografía e obra do autor.

- Audicións de música galega
- Recitado de poesías doutros autores homenaxeados.
- Confección dun conto colectivo a partir dunha obra de Ramón Piñeiro que será autoeditado e pasará a formar parte da biblioteca do Centro.
- Contacontos ou compañía de teatro en colaboración co Concello.

“Nonas e calendas”: Calendario confeccionado a partir de refráns e ditos recollidos nas distintas épocas do ano e ilustrado polos alumnos/-as por ciclos.

“Contacontos”: Contacontos a cargo de Anxo Moure. Plantaranse árbores autóctonas facilitadas pola asociación de protección ao medio natural “O carballo con botas”. Confección dun mural que será exposto nun lugar visible do centro.

Quéroche un conto; O alumnado de Infantil ilustrarán unha das moitas lendas recollidas na zona nun traballo autoeditado que pasará a formar parte do material bibliográfico do centro. Os pais/nais e avós colaborarán como informantes.

O Magosto: Actividades de aula e recollida de traballos en torno á castaña como receitas, refranes, ditos, etc, que serán recollidos para a revista escolar.

· Asado e degustación de castañas.

· Xogos populares galegos, por niveis.

O Nadal: Belén confeccionado con elementos do entorno tales como castañas, pedras ou follas o que inclúe unha saída previa para a recollida destes materiais. Celebración que inclúe actividades como: canto de panxoliñas populares en galego e inglés ou a representación de pequenas obras de teatro relacionadas co Nadal popular galego.

O Entroido: Confección de compadres e comadres coa colaboración dos pais/nais do alumnado e concurso de compadres e comadres. Confección e desfile de disfraces dos alumnos por ciclos. Recollida de información sobre a repostería típica da zona nesta época do ano: tripón, vexiga, larpeira...Coplas de Antroido realizadas polo alumnado e alusivas ás distintas vilas de procedencia dos nenos/-as do colexio que se expoñerán e recitarán o día do desfile. Enterro da sardiña confeccionada polo alumnado de E. Infantil.

“ Herbario”: A partir dos contidos traballados na área de Coñecemento do Medio e dos elementos recollidos na saída ao entorno, elaboración dun herbario.

“Saída ao contorno Natural: O outono”: Saída ao contorno e recollida de elementos naturais.

“Visita ao Cebreiro e tramo do Camiño de Santiago ”: Visita ao Cebreiro e percorrido dun tramo do Camiño de Santiago.

“Visita a Portomarín e a fábrica de tortas Ancano ”: Visita a Portomarín e a fábrica de tortas Ancano.

“Saída ao contorno Natural. A Primavera”: Saída ao contorno e recollida de elementos naturais.

“Matemáticas na rúa”: Saída ao contorno para atopar elementos matemáticos. Elaboración dunha exposición coas fotografías realizadas.

“Visita a Coruña: Aquarium e Domus ”: Visita ao Aquarium e ao Museo do Home da cidade da Coruña.

“Achégate ao noso centro e xoga con nos”: Xornada de portas abertas para familias e outros centros da comarca onde representaremos xogos populares. Partimos do traballado no proxecto interdisciplinar “Xogamos todos xuntos”. Os alumnos do 3º ciclo de Ed. Primaria serán os monitores da experiencia.

“Xoga con nos en Triacastela”: Xornada de confraternización a través dos xogos populares no CEIP de Triacastela (horario de tarde). Os alumnos do 3º ciclo de Ed. Primaria serán os monitores da experiencia.

“Xoga con nos en Láncara”: Xornada de confraternización a través dos xogos populares no CPI Ramón Piñeiro de Láncara (horario de tarde). Os alumnos do 3º ciclo de Ed. Primaria serán os monitores da experiencia.

“Cóntame un conto ”: Xornada de confraternización coa Escola Infantil de Sarria (horario de tarde). Un contacontos representará unha selección dos contos traballados no proxecto “Contos no contorno”.

Conmemoracións e celebracións a nivel de centro: Emprego do idioma galego en tódolos actos de conmemoracións e celebracións a nivel de centro (Día da Paz, Día do Libro, Día do Medio Ambiente....)

3. Situación do profesorado:

Obxectivos

- Ofrecer unha educación de calidade para que o alumnado acade unha adecuada competencia lingüística.
- Propiciar o uso da biblioteca escolar como centro de recursos de información, lectura, aprendizaxe e divertimento empregando como lingua vehicular o idioma galego.

- Integrar as TIC no tratamento dos contidos curriculares e das actividades escolares empregando como lingua vehicular a nosa lingua.

Actividades

“Música en galego”: Impartir a área de música en idioma galego.

“TIC en galego”: Adquisición de programas informáticos en idioma galego, de correctores e tradutores.

“Materiais didácticos para a lectoescritura en galego”: Elaboración de materiais didácticos para la lectoescritura en idioma galego. Impresos e formato dixital.

“Materiais didácticos para a atención a diversidade”: Elaboración de materiais didácticos para a “atención a diversidade” en idioma galego. Impresos e formato dixital.

“Creación da Páxina Web do centro e deseño de materiais didácticos”: Deseño da páxina web e elaboración de materias didácticos en galego, coa colaboración do alumnado.

Recuperación da revista escolar “A Bubela” que recollerá todo o traballado nos distintos proxectos interdisciplinares e que se confeccionara no tempo de uso da biblioteca, cos materiais e recursos que nos ofrece.

4. Situación lingüística do centro:

Obxectivos

- Identificar e valorar a lingua galega como parte do noso patrimonio cultural.
- Continuar realizando as diferentes comunicacións do centro en lingua galega.

Actividades

“**PEC**”: Elaboración e difusión na comunidade educativa dun caderno informativo sobre o PEC, onde se resalte a identidade do centro e a súa aposta polo emprego do idioma galego.

“**Contos, contiños**”: Trípticos informativos (un por trimestre) onde as familias podan atopar narrativa en galego axeitados para cada tramo de idade.

Cadro resumo de actividades e compromiso de desenvolvemento das mesmas

A Dirección, o E.N.L.D. e o Claustro de Mestres do CEIP Rosalía de Castro de Bóveda (Lugo) comprométese a desenvolver as actividades programadas neste proxecto no caso de ter financiamento . En caso de non obtelo comprometémonos igualmente a desenvolver todas as que nos sexan posibles. O Visto e Prace da Dirección e da coordinadora do equipo de E.N.L.D. atopase ao final do cadro, no apartado de conclusións.

Temporalización	Actividade	Departamento e colaboracións	Destinatarios Curso / Nivel	Orzamento – materiais
1º e 2º trimestre	“Contos no contorno”	E. N. D. L. Pais. alumnado Especialista Ed. Física Mestra Plástica	Ed. Infantil	Estudo cultural da comarca. Materiais de refugallo e funxibles. Mapas da comarca 50€
1º e 2º trimestre	“Xogamos todos xuntos”	E. N. D. L. Pais, alumnado Especialista Ed. Física Mestra Plástica Titores Asoc. Brinqueira	Parte do 1º ciclo de Ed. Primaria, complementándose no resto dos ciclos.	Materiais de refugallo Manuais de xogos populares galegos 100€
Todo o curso	Proxecto interdisciplinar: “Gústame de onde son”	E. N. D. L. ANPA Pais, alumnado Especialista Ed. Física Mestra Plástica Titores Concello de Bóveda Centro de Arte e Deseño de Lugo Persoal non docente	Parte do 2º ciclo de Ed. Primaria, complementándose no resto dos ciclos.	Estudos culturais e socioeconómicos da comarca. Materiais de refugallo e funxibles. Material auditivo para entrevistas. Cámaras dixitais. 100€

Temporalización	Actividade	Departamento e colaboracións	Destinatarios Curso / Nivel	Orzamento – materiais
2º trimestre	“Contos de onte para escoitar hoxe e contar mañá”	E. N. D. L. Pais, alumnado Equipo docente	Parte da etapa de Ed. Infantil para completarse na de Ed. Primaria.	Estudo cultural da comarca. Materiais de refugallo e funxibles. Gravadora para entrevistas. Material multimedia. 50€
2 e 3º trimestre	Proxecto interdisciplinar: “Do ferrado e da fanega ao m, e da ola ao litro”	E. N. D. L. Pais. alumnado Mestra Plástica Titores Concello de Bóveda Rexistro provincial	3º ciclo de Ed. Primaria	Materiais de refugallo e funxibles Manuais especializados 50€
2º e 3º trimestre	“E ti que prefires?”	E. N. D. L. Alumnado Equipo docente	2º e 3º ciclo de Ed. Primaria	Materiais de refugallo e funxibles. Cámaras dixitais. 25€
1º trimestre	Proxecto interdisciplinar: “ Coñecemos o noso contorno”	E. N. D. L. Pais. alumnado Mestra Plástica Titores Concello de Bóveda Rexistro provincial	Parte do 3º ciclo de Ed. Primaria, complementándose no resto dos ciclos	Materiais de refugallo e funxibles. Cámaras dixitais. 50€

Temporalización	Actividade	Departamento e colaboracións	Destinatarios Curso / Nivel	Orzamento – materiais
3º trimestre	“Un avó moi especial”	E. N. D. L. AFALU (Asociación de Familiares de enfermos de Alzheimer de Lugo) Contacontos	Ed. Infantil e Ed. Primaria	Material funxible 100€
1º e 2º trimestre	Obradoiro lector matemático	Persoal docente de Ed. Primaria Alumnado USC (Departamento Didáctica da Matemática)	Ed. Primaria	Material de refugallo e funxibles. Xogos matemáticos. 50€
1º trimestre	“Deseña a nosa mascota”	E. N. D. L. Equipo de Biblioteca Alumnado	Infantil/ Primaria	Material funxible

Temporalización	Actividade	Departamento e colaboracións	Destinatarios Curso / Nivel	Orzamento – materiais
3º trimestre	“A ciencia: importante e divertida”	Equipo docente Alumnado AGAPEMA (Asociación Galega de Profesores de Matemáticas)	Ed. Primaria	Materiais de refugallo e funxibles. 50€
3º trimestre	Obradoiros científicos	Equipo docente Alumnado	Ed. Primaria / Infantil	Materiais de refugallo, funxibles e de laboratorio. 50€
2º trimestre	...Hai moito tempo	E.N.D.L Especialista de Lingua Estranxeira Titora Ed. Infantil Alumnado	Ed. Infantil	Materiais de refugallo e funxibles.
3º trimestre	SECCIÓN BILINGÚE Galego/inglés •Jack the Green e os Maíos	E.N.D.L Especialista de Lingua Estranxeira e de Música Mestra Ed.Plástica	Ed. Primaria / Infantil	Materiais de refugallo Manuais de xogos populares galegos

Temporalización	Actividade	Departamento e colaboracións	Destinatarios Curso / Nivel	Orzamento – materiais
Letras galegas 3º trimestre	“As nosas letras”	E. N. D. L. Alumnado. Claustro de profesores. Equipo biblioteca. Concello de Bóveda	Ed. Infantil e Primaria	Materiais funxibles material informático bibliografía sobre o autor homenaxeado 200€
3º trimestre	“Nonas e calendas”	E. N. D. L. Pais, alumnado Mestra Plástica Titores	Alumnado de Primaria	Material funxible
2º trimestre (Día do Medio Ambiente)	“Contacontos”	E. N. D. L. Asociación “Carballo con botas” Equipo docente	Alumnado de Infantil e Primaria	Materiais funxibles 100€
3º Trimestre	Quéroche un conto;	E. N. D. L. Pais. alumnado Mestra Infantil Equipo biblioteca.	Alumnado de Infantil	Materiais funxibles

Temporalización	Actividade	Departamento e colaboracións	Destinatarios Curso / Nivel	Orzamento – materiais
1º trimestre	O Magosto	E. N. D. L. Persoal docente de E Primaria e Infantil. ANPA	Ed. Infantil e Ed. Primaria	25€
1º trimestre	O Nadal	Persoal docente de Ed. Primaria Alumnado ANPA	Ed. Primaria e Ed. Infantil.	Materiais funxibles e de refugallo
2º trimestre	O Entroido	E. N. D. L. Alumnado, ANPA, Pais/nais, persoal docente de E.Primaria.	Ed. Primaria e Ed. Infantil.	Materiais funxibles e de refugallo 50€
1º trimestre	“ Herbario ”	Titoras Ed. Primaria Mestra de Ed. Plástica	Ed. Primaria.	Materiais de refugallo e funxible.

Temporalización	Actividade	Departamento e colaboracións	Destinatarios Curso / Nivel	Orzamento – materiais
1º trimestre (2ª quincena de outubro)	“Saída ao contorno Natural: O outono”	Coordinadora actividades complementarias e extraescolares Titores de Ed. Infantil e persoal docente Concello de Bóveda	Ed. Infantil	Cámaras dixitais
1º trimestre (1ª quincena de novembro)	“Saída ao contorno Natural: O outono”	Coordinadora actividades complementarias e extraescolares Titoras 1º e 2º ciclo de Ed. Primaria Concello de Bóveda	1º e 2º ciclo de Ed. Primaria	Cámaras dixitais
1º trimestre	“Visita ao Cebreiro e tramo do Camiño de Santiago ”	Coordinadora actividades complementarias e extraescolares Especialista Relixión Equipo docente Concello de Bóveda	3º ciclo de Ed. Primaria	Medio de transporte (autobús) Almorzo 100€
2º cuadrimestre (1ª quincena de marzo)	“Visita a Portomarín e a fábrica de tortas Ancano ”	Coordinadora actividades complementarias e extraescolares Titores de Ed. Infantil e persoal docente Concello de Bóveda	Ed. Infantil	Medio de transporte (autobús) 150€

Temporalización	Actividade	Departamento e colaboracións	Destinatarios Curso / Nivel	Orzamento – materiais
3º trimestre (2ª quincena de maio)	“Saída ao contorno Natural. A Primavera”	Coordinadora actividades complementarias e extraescolares Titora de Ed. Infantil e persoal docente	Ed. Infantil	Cámaras dixitais
3º trimestre (2ª quincena de maio)	“Matemáticas Na rúa”	Coordinadora actividades complementarias e extraescolares Titoras 3º ciclo de Ed. Primaria Mestra Ed. Plástica	3º ciclo de Ed. Primaria	Cámaras dixitais
3º trimestre (1ª quincena de xuño)	“Visita a Coruña: Acuarium e Domus ”	Coordinadora actividades complementarias e extraescolares Equipo docente Concello de Bóveda	Ed. Infantil/ Ed Primaria	Medio de transporte (autobús) Entradas museos Almorzo 250€
2º trimestre	“Achégate ao noso centro e xoga con nos”	Coordinadora actividades complementarias e Extraescolares Familias e alumnado Especialista Ed. Física e mestra Ed. Plástica Concello de Bóveda	Ed. Infantil/ Ed Primaria	Materiais de refugallo e funxibles. Materiais xogos populares 200€

Temporalización	Actividade	Departamento e colaboracións	Destinatarios Curso / Nivel	Orzamento – materiais
2º trimestre	“Xoga con nos en Triacastela”	Coordinadora actividades complementarias e Extraescolares Alumnado Especialista Ed. Física e mestra Ed. Plástica Concello de Bóveda	Ed. Primaria	Medio de transporte (autobús) Materiais de refugallo e funxibles. Materiais xogos populares 200€
3º trimestre	“Xoga con nos en Láncara”	Coordinadora actividades complementarias e Extraescolares Alumnado Especialista Ed. Física e mestra Ed. Plástica Concello de Bóveda	Ed. Primaria	Medio de transporte (autobús) Materiais de refugallo e funxibles. Materiais xogos populares 200€
2º trimestre (1ª quincena de marzo)	“Cóntame un conto ”	Coordinadora actividades complementarias e extraescolares Titona de Ed. Infantil Concello de Bóveda	Ed. Infantil	Medio de transporte (autobús) 200€
Todo o curso	Conmemoracións e celebracións a nivel de centro	E.N.D.L Equipo docente Alumnado Familias ANPA	Ed. Infantil/ Ed Primaria	Materiais de refugallo e funxibles.

Temporalización	Actividade	Departamento e colaboracións	Destinatarios Curso / Nivel	Orzamento – materiais
Todo o curso	“Música en galego”	Especialista Música	Ed. Infantil/ Ed. Primaria	Materiais bibliográficos e multimedia en Galego 100€
Todo o curso	“TIC en galego”	E. N. D. L.	Ed. Infantil/ Ed. Primaria	Materiais multimedia en galego 150€
Todo o curso	“Materiais didácticos para a lectoescritura en galego”	E. N. D. L. Titora e mestra Ed. Infantil	Ed. Infantil	Materiais de refugallo e funxibles. Materiais multimedia
Todo o curso	“Materiais didácticos para a atención a diversidade”	E. N. D. L. Especialista PT	Ed. Infantil/ Ed. Primaria	Materiais de refugallo e funxibles. Materiais multimedia
Todo o curso	“Creación da Páxina Web do centro e deseño de materiais didácticos”	E. N. D. L. Equipo docente Alumnado	Ed. Primaria	Materiais multimedia

Temporalización	Actividade	Departamento e colaboracións	Destinatarios Curso / Nivel	Orzamento – materiais
1º trimestre	“PEC”	Equipo de coordinación pedagóxica E. N. D. L.	Ed. Infantil/ Ed. Primaria	Materiais funxibles e multimedia
Todo o curso	“Contos, contiños”	E. N. D. L. Equipo da Biblioteca	Ed. Infantil/ Ed. Primaria	Materiais funxibles

Conclusións

O proxecto que aquí presentamos quere ser coherente coa nosa realidade, sen grandes pretensións e adaptado a situación do centro e do seu contorno. Pretende ser un punto de partida para un traballo continuo ao longo do tempo. A nosa intención é que teña a coherencia e a flexibilidade necesarias para se adapte aos cambios sociais que se suceden cada vez máis vertixinosamente.

Visto e Prace
O/A director/-a

Bóveda, 3 de novembro de2008

A coordinadora do Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística

Asdo: Pilar Carmen Valcárcel Díaz

Asdo: Sara María Adrán Valcarce